

Cando aparece Chelo, o primeiro que ves é un sorriso enorme. Aproxímase e trae con ela unha alegría desbordante que contaxia. E que tamén contamina (no bo sentido) a súa obra. As cores fortes e ledas; se pode ser con brillo, mellor. A pincelada ousada e valente, porque é así como se vive, de pleno dereito, collendo os días polas solapas e os lenzos polo bastidor. Pinta Chelo coa luz por bandeira, como corresponde ao seu carácter. Co ímpeto de alguén que tira pola vida vai enchendo o cadro. Unha vocación pictórica na man dunha muller traballadora, á que gusta representar o cotián, o próximo, os espazos interiores, aqueles que se poden aproximar ao bodegón (e o son) pero sobre todo, os recunchos, con mesas e cadeiras, con telas estampadas, con tapizados, con obxectos... que ocupan certos lugares onde semella crear esas atmosferas particulares que poderíamos recoñecer como habitacións propias. Teñen moito eses cadros dos planos de detalle e as angulacións cinematográficas e canto máis minimalistas se fan, mellor plasman un imaxinario propio. Espazos limpos, fondos case inexistentes, cores planas e o silencio pairando por un mundo en calma, de áreas privadas e dimensións domésticas. Un mundo obxectual no que cada cousa cobra enorme protagonismo, e onde a veces nos atopamos co labirinto-espiral de tropezar co cadro dentro do cadro. Un cosmos que nos daría pé a entrar e relatar, a entrar e ocupar, a entrar e completar. Porque poderíamos escribir unha historia que sucedera nese cuarto e, case vemos como se moven as personaxes irrealis, entre unha néboa de tempos que non son estes; como se sentan nesa cadeira para dicir o seu soliloquio nun teatro que non ten platea, como pasan e volven, como nos miran e somos nós os que non sabemos qué facemos aquí. Ordena, Chelo a casa e pinta, para reflectir os motivos dese ámbito familiar. Pinta sosegada, con serenidade e silencio... porque aí pode recrearse. Tamén gusta dos xogos: o golf, o xadrez, o dominó, os bolos... e o billar. Este é o meu preferido, porque aí, as cores son enérxicas e brillan, os pigmentos conseguen unha igualdade profunda que os fai sensuais e as bolas son máis que bolas, levan dentro a forza que as empuxa. No xadrez é a seriedade do pensamento a que se fai dona da pintura, a que ocupa a tea impoñendo o poder de cada unha das pezas; é a potencia dun xogo de vencedores e vencidos, de brancos e negros mirándose as caras ao longo dos séculos. Entre eses dous universos vexo eu a Chelo, entre o pop lúdico e os misteriosos recunchos calados nos que a vida semella estar noutra parte. A súa man enfrenta cada tema, co estilo que cada un reclama. Chelo pinta moito e expón, porque necesita e debe mostrar o que fai, e, tamén quero crer, para buscar o noso rostro nas mostras, para darnos esa aperta de muller acolledora. Unha miríade de fillos, unha morea de netos, e amigos a esgalla... como ía ser doutra maneira? É o que corresponde a unha muller vital que promove cambios no movemento da xente cando entra nunha sala de exposicións. E... se chegara tarde sería sempre porque a vida a vai parando polos camiños. A súa é unha intervención, ademais de artística, afectiva, porque cando aparece Chelo, o primeiro que ves é un sorriso enorme que che alegra o día, unha vivacidade que che lembra que non estás aquí para sempre e debes aproveitar cada momento, un optimismo que che fai crer que todo vai ben e aínda pode ir mellor. Grazas, Chelo por pintar, por facelo como o fas, e por deixarnos acompañarte nas exposicións, esas ocasións para o encontro coa arte e os amigos.

Pilar Sampedro